



Discurso do Santo Padre Francisco aos participantes no congreso internacional sobre o futuro da teoloxía

Papa Francisco

Discurso do Santo Padre Francisco aos participantes no congreso internacional sobre o futuro da teoloxía organizado polo Dicasterio para a Cultura e a Educación

Aula da bendición. (Luns, 9 de decembro 2024)

Queridas irmás, queridos irmáns, bos días!

Estou contento de vervos e de saber que un número tan grande de docentes, investigadores e decanos, provenientes de todas as partes do mundo, reuníronse para reflexionar sobre como herdar o gran patrimonio teolóxico das pasadas xeracións e para imaxinar o futuro. Doulle as grazas ao Dicasterio para a Cultura e a Educación por esta iniciativa. E grazas de corazón a vós, queridas teólogas e queridos teólogos, polo traballo que facedes, a miúdo oculto pero tan necesario. Espero que o Congreso marque o primeiro paso dun fecundo camiño común. Tiven coñecemento de que institucións académicas, asociacións teolóxicas e algúns de vós en particular tedes contribuído aos gastos da viaxe doutros con menos posibilidades. Isto é moi bo. Adiante, xuntos! E cando a fe, o amor toca os petos, está ben! [risas entre os participantes] Cando se detén antes, falta algo.

Quixese dicirvos antes de nada que cando penso na teoloxía venme á mente a *luz*. De feito, grazas á luz as cousas emerxen da escuridade, os rostros revelan o seus contornos, as formas e as cores aparecen finalmente. A luz é fermosa porque fai que apare-

zan as cousas sen exhibirse a si mesma. Alguén de vós viu a luz? Pero vexamos o que fai a luz: fai aparecer as cousas. Agora, aquí, admiramos esta sala, vemos os nosos rostros, pero non vemos a luz, porque ela é discreta, é amable, humilde e, por iso, permanece invisible. É amable a luz. Así tamén é a teoloxía; fai un labor oculto e humilde, para que emerxa a luz de Cristo e do seu Evanxeo. Desta observación deriva para vós un camiño: buscar a graza e permanecer na graza da amizade con Cristo, luz verdadeira que veu a este mundo. Cada teoloxía nace da amizade con Cristo e do amor polos seus irmáns, as súas irmás, o seu mundo; este mundo, dramático e magnífico a un tempo, cheo de dor pero tamén de emocionante beleza.

Sei que nestes días traballaredes xuntos sobre «onde», o «como» e o «porqué» da teoloxía. Preguntámonos: teoloxía, onde estás? Con quen vas andando? Que estás facendo pola humanidade? Estes días serán importantes para afrontar estas preguntas, para preguntarnos se o herdo teolóxico do pasado pode aínda dicir algo aos desafíos de hoxe e axudarnos a imaxinar o futuro. É un camiño que estades chamados a facer xuntos, teólogos e teólogas. Recordo o que conta o Segundo Libro dos Reis. Durante a restauración do Templo de Xerusalén, encóntrase un texto; quizais é a primeira edición do Deuteronomio, que estaba perdida. Un sacerdote e algúns eruditos leno; incluso o rei o estuda; intúen algo, pero non o comprenden. Entón o rei decide entregarllo a unha muller, Culda, quen o comprende inmediatamente e axuda o grupo de eruditos –todos homes– a entendela (2Re 2, 14-20). Hai cousas que só as mulleres intúen e a teoloxía necesita a súa contribución. Unha teoloxía só de homes é só media teoloxía. Sobre isto aínda hai moito camiño que recorrer.

E agora permitídemme que vos transmita un desexo e unha invitación.

O desexo é este: «que a teoloxía axude a repensar o pensamento». O noso modo de pensar, como sabemos, plasma tamén os nosos sentimentos, a nosa vontade e as nosas decisións. A un corazón ancho corresponden unha imaxinación e un pensamento de amplo

alcance, mentres que un pensamento encollido, pechado e mediocre dificilmente pode xerar creatividade e coraxe. Véñenme á mente os manuais de teoloxía cos que estudabamos nós. Todo pechado, todo «de museo», de biblioteca, pero non te facían pensar.

A primeira cousa a facer, para repensar o pensamento, é coidarse da simplificación. De feito a realidade é complexa, os desafíos son variados, a historia está habitada pola beleza e ao mesmo tempo ferida polo mal, e cando non se consegue ou non se quere manexar o drama desta complexidade, entón téndese facilmente a simplificar. Pero a simplificación quere mutilar a realidade, produce pensamentos estériles, pensamentos unívocos, xera polarización e fragmentación. Así fan, por exemplo, as ideoloxías. A ideoloxía é unha simplificación que mata: mata a realidade, mata o pensamento, mata a comunidade. As ideoloxías reducen todo a unha soa idea, que despois repiten de modo obsesivo e instrumental, superficial, coma os papagaios.

Un antídoto para a simplificación é sinalado na Constitución apostólica *Veritatis Gaudium*: a interdisciplinabilidade e a transdisciplinabilidade (*Proemio*,c). Trátase de facer fermentar xuntos a forma do pensamento teolóxico coa dos outros saberes: a filosofía, a literatura, as artes, a matemática, a física, a historia, as ciencias xurídicas, políticas e económicas. Facer fermentar os saberes, porque son coma os sentidos do corpo: cada un ten a súa especificidade, pero un necesita o outro, segundo o que tamén di o apóstolo Paulo: «Se todo o corpo fose ollo, onde estaría o ouvido. Se todo fose ouvido, onde estaría o olfacto?» (*1Cor* 12, 17). Este ano celebramos o 750.º aniversario da morte de dous grandes teólogos: Tomé de Aquino e Boaventura. Tomé recorda que non temos un sentido só, senón sentidos múltiples e diferentes para que non se nos escape a realidade (*De anima*, lib. 2, lect. 25). E Boaventura afirma que na medida na que se «cre, espera e ama a Xesús Cristo», recupérase o oído e a vista [...], o olfacto [...] o gusto e o tacto» (*Itinerarium mentis in Deum*, IV, 3). Contribuíndo a repensar o pensamento a teoloxía volverá a brillar como merece, na Igrexa e nas culturas, axudando a todos e cada un na busca da verdade.

Este é o desexo. Agora quixera deixarvos unha invitación: «que a teoloxía sexa accesible a todos». Desde hai algúns anos, en moitas partes do mundo sinálase o interese dos adultos en retomar a propia formación, incluso a académica. Homes e mulleres, sobre todo de mediana idade, se cadra xa graduados, desexan profundar na fe, queren facer un camiño, frecuentemente inscribíense nunha facultade universitaria. E este é un fenómeno que vai en aumento, que merece o interese da sociedade e da Igrexa. A mediana idade é unha etapa especial da vida. É un tempo no que polo xeral se goza dunha certa seguridade profesional e solidez afectiva, pero tamén o período no que os fracasos se senten con maior dor e xorden novas demandas mentres se esbarroan os soños xuvenís. Nesta fase pódese percibir un senso de abandono e, talvez, a alma bloqueáse. É a crise da mediana idade. E entón séntese a necesidade de retomar unha busca, quizais ás atoutiñadas, quizais levados da man. E a teoloxía é esta compañía de viaxe! Por favor, se algunha destas persoas peta na porta da teoloxía, das escolas de teoloxía, que a encontre aberta, un lugar onde poder retomar un camiño, onde poder buscar, encontrar e aínda buscar. Preparádevos para isto. Imaxinade cousas novas nos programas de estudo para que a teoloxía sexa accesible a todos.

Queridas irmás e queridos irmáns, dixéronme que este non será un congreso clásico, no que uns poucos falan e os outros escoitan –ou dormen!–. Escoitei que todos estaredes en condición de ser escoitados e de escoitarvos. Ben! De todos podemos aprender, mesmo das velliñas, que son sabias. Pídlle ao Dicasterio para a Cultura e a Educación que me comunique os resultados do voso traballo, polo que xa vos dou as grazas. Bendígovos de corazón. E, por favor, non vos esquezades de rezar por min. Este traballo é divertido, pero é difícil!

Papa Francisco